

Acta da reunión do Consello de Departamento**ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Anido Rifón, Luis E.
Blanco Fernández, Yolanda
Caeiro Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Masaguer, Francisco
Fernández Vilas, Ana
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe
Gil Solla, Alberto
Herrería Alonso, Sergio
Llamas Nistal, Martín
López Ardao, José C.
López Bravo, Cristina
López García, Cándido A.
Mikić Fonte, Fernando Ariel
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Santos Gago, Juan M.
Suárez González, Andrés

Fondo Ferreiro, Pablo

López Escobar, Juan José
Pacheco Lorenzo, Moisés

Gesto Gayoso, Anxo
González González, Jaime

ESCUSAN ASISTENCIA

Díaz Redondo, Rebeca P.
Fernández Veiga, Manuel
Burguillo Rial, Juan C.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 11 de xuño de 2024, convocada para as 11:30 horas en primeira convocatoria e para as 12:00 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O martes 11 de xuño de 2024 ás 13:00 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

O secretario le os artigos 18.1 e 19.5 da ley 40/2015 e outra información pertinente, parte enviada por correo electrónico ós membros do Consello, sobre as actas e a súa aprobación.

Vótase a aprobación da acta do 11 de abril de 2024:

- A favor: 18.
- En contra: 7.
- Abstención: 1.

Queda aprobada a devandita acta.

Vótase a aprobación da acta do 13 de maio de 2024:

- A favor: 13.
- En contra: 6.
- Abstención: 1.

Queda aprobada a devandita acta.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre o proceso iniciado na asignación de despachos, onde na primeira rolda foron asignados os despachos B-203 e B-405, e na segunda recibíranse solicitudes dos despachos B-101 e B-403 ate o venres 14 de xuño.

3. Aprobación, se procede, do POD 24–25.

A falta de cubrir 124 horas do grao en inglés, que se intentarán cubrir con lista de agarda específica de docencia en inglés, e outras nos másteres, con lista de agarda xeral, apróbase, por asentimento, o POD 24–25.

4. Aprobación, se procede, de solicitudes de docencia en simultaneidade.

O director presenta as solicitudes realizadas por Andrea Busto Castiñeira, David Candal Ventureira, Pablo Fondo Ferreiro, Adrián Lugilde López, Álvaro Vázquez Rodríguez, Jaime González González e Francisco de Arriba Pérez. As sete solicitudes son aprobadas por asentimento.

5. Rogos e preguntas.

O profesor Gil Castiñeira roga se inclúa o escrito lido por el (Anexo I) na acta.

O enxeñeiro López Escobar roga se inclúa o escrito lido por el (Anexo II) na acta. O director aclara respecto o punto 3 da acta do 13 de maio, que non se recibiu proposta de tribunal alternativo, e volta explicar que proceder a un sorteo e consulta de dispoñibilidade na propia reunión do Consello non procedía.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:37 do día 11 de xuño de 2024, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e praxe do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Luis E. Anido Rifón

Dr. D. Andrés Suárez González

Anexo I**Escrito remitido polo profesor Gil Castiñeira**

Sobre o contido da acta da reunión do consello de departamento do 11 de abril de 2024.

A acta do consello de departamento do 11 de abril de 2024 aprobada neste consello de departamento simplemente recolle para o terceiro punto da orde do día, de “Aprobación, se procede, da solicitude de prazas de profesorado ó abeiro do contrato-programa según escrito da Vicerreitoría de Profesorado de 18 de marzo de 2024” o seguinte texto:

“Ábrese un debate con varias roldas de intervencións ata que non hai ningunha palabra pedida. Deste debate xorden as opcións de pedir 2 canto antes (para o 2025/6) de axudante doutor ou 0 prazas (para o 2025/6 e 2026/7). Procédese á votación das dúas opcións:

- A favor de pedir 2: 15.
- A favor de pedir 0: 23.”

De acordo coa “Ley 39/2015 del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas”, os actos administrativos deben ser motivados e as actas deben recoller dita motivación. O feito de que exista unha votación con un resultado nun sentido determinado non é unha motivación (senón que debería ser a consecuencia da mesma).

A motivación pódese atopar nos informes e documentos postos a disposición dos membros do órgano colexiado ou atoparse nas deliberacións do consello de departamento. Por este motivo, os puntos principais das deliberacións deberían constar na acta.

A acta incumpre estes principios, xa que non recolle as motivacións que se utilizaron a favor de non pedir prazas de axudante doutor. Grazas á existencia do “Voto particular da profesora Rebeca Díaz Redondo” ao que se sumaron outros profesores e profesoras si que consta a motivación a favor de pedir dúas prazas canto antes, xa que é a forma de atender á necesidade docente actual e futura no departamento (debido ao envellecemento do profesorado e ás futuras xubilacións), e debido a que a propia lexislación e políticas están avogando por evitar os contratos precarios para cubrir a docencia e a investigación, e está promovendo a consolidación de investigadores como vía de entrada prioritaria á universidade española.

Solicítouse a inclusión na acta da motivación que foi utilizada para defender a non solicitude de prazas de axudante doutor de acordo a Lei de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, distintos membros do consello de departamento solicitaron que se recollesen partes das súas intervencións seguindo o Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Enxeñaría Telemática.

Aportouse como argumentación para non incluír a información indicada un enlace a un blog (<https://delajusticia.com/2022/12/01/refuerzo-jurisprudencial-del-derecho-a-conocer-las-actas-de-los-organos-colegiados/>) onde se comenta a “sentencia de la Sala tercera del Tribunal Supremo de 17 de noviembre de 2022 (rec.1837/2021) que fija doctrina casacional ante la negativa a facilitar las actas del consejo de administración de la Autoridad Portuaria de Baleares” (<https://delajusticia.com/wp-content/uploads/2022/11/STSactas.pdf>). O secretario indicou que as deliberacións do departamento son confidenciais e non deben ser recollidas na acta. Non obstante, a sentenza mencionada indica xusto o contrario, xa que aínda que o caso do litixio trata dun órgano colexiado con “garantía de confidencialidade”, a sentenza conclúe que está obrigado a poñer a disposición pública as actas das reunións. Estas non teñen que recoller o “contenido literal de las opiniones, intervenciones y manifestaciones”, pero teñen que conter “los puntos principales de las deliberaciones, así como el contenido de los acuerdos adoptados”

Non obstante, nin a motivación, nin os puntos principais das deliberacións, nin as intervencións referidas foron recollidas na acta do consello de departamento do 11 de abril de 2024. O meu voto foi en contra da aprobación desa acta, pero non se me permitiu realizar un voto particular explicando o sentido dese voto, polo que utilizo este rogo para que conste a miña posición en contra da aprobación da acta do 11 de abril de 2024.

Considero que a acta debería recoller a seguinte información:

- O feito de que a motivación que se utilizou para solicitar 0 prazas de profesor axudante doutor foi que "se se pedían esas prazas, os profesores asociados irían á rúa". A esa argumentación respondeuse que se trata dunha motivación falaz, dado que, por un lado, o requisito para concorrer a unha praza de asociado é o de estar traballando fóra da Universidade (polo que esas persoas non "van para a rúa": teñen outro traballo), e, polo outro lado, son prazas de carácter temporal, pensadas para cubrir as carencias de profesorado consolidado o consolidable: non ten sentido frear a consolidación de investigadores do departamento co argumento de que actualmente hai asociados contratados. Ademais, o profesorado que actualmente cubre as prazas de asociado tamén se pode presentar a esas novas prazas se queren consolidar a súa carreira na Universidade.
- A intervención do profesor Felipe Gil Castiñeira, na que expoñía o seguinte:
"Paréceme moi triste que unha maioría do consello de departamento do 11 de xaneiro de 2024 utilizase o argumento de non autorizar a adscrición de axudas Ramón y Cajal porque así conseguiríamos ter moitas máis prazas e agora a proposta do departamento é a de pedir 0 prazas de axudante doutor. É dicir, bloqueáronse as prazas de Ramón y Cajal argumentando que así teríamos 'n' prazas de Axudante Doutor máis 'n' prazas de Ramón y Cajal, e agora unha das propostas é pedir 0. Como mínimo paréceme triste para o departamento."
- O rogo exposto por Juan José López Escobar no punto 4 debe reflectir correctamente o sentido das súas palabras e non a interpretación que fixo o Secretario, que sería en resumo: "O Enx. Juan José López Escobar roga que, independentemente do reflectido finalmente nas actas, se respecte o espírito dos pactos ós que se comprometen tódolos membros do Consello de Departamento, como non aconteceu no Consello do 11 de xaneiro de 2024."

Anexo II**Escrito remitido polo enxeñeiro López Escobar**

VOTO PARTICULAR ACTA 11 DE ABRIL DE 2024

Manifiesto mi voto en contra a la aprobación del acta del 11 de abril de 2024 por no reflejar las detalles sobre el debate y deliberaciones ocurridas previa a la aprobación de solicitud de plazas de ayudante doctor en el punto 3. Concretamente, falta mencionar los argumentos que respaldan cada una de las opciones presentadas, como solicité en las alegaciones realizadas. La opción de 2 plazas: justificado por las necesidades docentes actuales del departamento y la oportunidad que existe actualmente de sacar plazas de Ayudante Doctor; o la opción de 0 plazas: argumentando que el profesorado asociado se iría a la calle. Además debe figurar que se mencionó que el argumento a favor de las 0 plazas es falaz, ya que el profesorado asociado tiene carácter temporal y un trabajo fuera de la Universidad.

Agradecer también la disposición de la Valedora Universitaria para mediar entre ambas partes para llegar a un acuerdo respecto al contenido del acta, aunque finalmente no se haya podido alcanzar.

VOTO PARTICULAR ACTA 13 DE MAYO DE 2024

Manifiesto mi voto en contra a la aprobación del acta del 13 de mayo de 2024 ya que no recogen las alegaciones presentadas al punto 3:

- No refleja de manera explícita el proceso seguido para la propuesta de la comisión, debería aparecer que se siguió la línea de la comisión anterior.
- No es que no proceda hacer una propuesta, es que el Director se niega a admitir una nueva.
- La información sobre la decisión de la propuesta de comisión no fue remitida correctamente a todos los miembros del Consejo y los medios deben ser revisados.